



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MEDIO
RURAL



Xacobeo 21-22

Axudas para incorporación de
mozos, plans de mellora e
pequenas explotacións.

Convocatoria 2022

Febreiro 2022

LIÑAS DE AXUDA AS EXPLOTACIÓNS

PLANS DE MELLORA

APOIO AOS INVESTIMENTOS NAS EXPLOTACIÓNS AGRÍCOLAS

PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO MR 405A



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

PRAZO E LUGAR DE PRESENTACION

- As bases da convocatoria establecen o prazo dun mes dende o día seguinte a publicación no DOGA.... **9 de marzo de 2022**
- Unha vez rematado o prazo de solicitude e antes de aprobación, non se admitirán cambios no referente aos investimentos ou aos criterios de prioridade
- As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a traves do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, **<https://sede.xunta.gal>**
- A solicitude de axuda será cumplimentada a través da aplicación informática MELLES á que se pode acceder mediante o seguinte enlace: **<https://melles.xunta.gal/melles/sede>**
- Todos os trámites posteriores deberán ser efectuados electrónicamente accedendo á carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica

REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS

- **Ser titular dunha explotación agraria inscrita cunha antigüidade mínima dun ano no REAGA (excepción: mozos e fusión)**
- **Os solicitantes persoas físicas deberán ter 18 anos e non ter alcanzado a idade de xubilación (Olo co periodo de compromisos)**
- **Posuír a capacitación profesional suficiente (excepción de mozos) .En persoas xuridicas: 50%**
- **Compromiso de exercer a actividade agraria 5 anos dende data de pago da axuda**
- **Levar acabo un plan que mellore o rendemento global da explotación**

REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS

- No caso de CB o 50% dos comuneiros deberán cumprir os requisitos establecidos para persoas físicas
- RUT igual ou superior ao 35% da renta de referencia **na data de solicitude** (excepción mozos)
- Non ter pendente de presentar a solicitude de pagamento dun expediente anterior á data de publicación da orde
- Volume de traballo mínimo equivalente a unha UTA
- Dimensión física mínima establecida no punto 2 do anexo V, **(25 vacas carne, 95.000 kg leite....)**

DOCUMENTACION PARA A SOLICITUDE

- Documentación mínima solicitude (**IMPRESINDIBLE**):
 - Anexo II (solicitude)
 - Memoria do plan de mellora onde se xustificará a necesidade dos investimentos, non soamente describilos, débese xustificar a mellora do rendemento global + investimentos ligados a criterios de prioridade
 - Tres orzamentos por cada investimento solicitado
- Toda a documentación complementaria deberá presentarse electrónicamente

Concesión de permisos administrativos necesarios antes do 15 de xullo do 2022

DOCUMENTACIÓN

- Entre os datos que podemos consultar (no caso de non oposición) inclúese tanto o informe de vida laboral como o certificado do IRPF. Mantemos o criterio das pasadas convocatorias segundo o cal **sería recomendable que se presentaran xunto coa solicitude**
- No caso de obra civil deberá presentarse proxecto
- No caso de fosas, balsas drenaxes regos ou liñas subterráneas os beneficiarios terán o compromiso de **comunicar a realización do investimento antes de soterrar**
- So serán obxecto de axuda investimentos efectuados despois de ter presentado a solicitude de axuda e requirirase a realización dunha certificación de non inicio previa, con reportaxe fotográfico

INVESTIMENTOS SUBVENCIONABLES E LIMITACIÓNS

- Reformas ou construcións de instalacións e compra de maquinaria que supoñan redución de custos de produción ou un incremento na produtividade (Construcións: acreditar a dispoñibilidade da parcela)
- Compra de construcións: consideraranse aquelas que non formen parte de unidades produtivas de outra explotación ou que pertencensen a unha explotación en estado de baixa ou inactividade previa a baixa e se poñan en uso
- Compra de terreos que non formen parte da explotación por un valor do 10% do custo subvencionable
- Non será subvencionable a compra de maquinaria se nos últimos 10 anos se subvencionou o mesmo tipo de maquinaria na explotación
(non colleitadoras de forraxes autopropulsadas, carros mesturadores e cisternas de xurro con prato ou abanico)

INVESTIMENTOS SUBVENCIONABLES E LIMITACIÓNS

- Investimento elixible mínimo 5.000 €
- Volume de investimento subvencionable 120.000 €/UTA (**UTAs no momento da solicitude**, agás mozos, ou que sexan menores en situación prevista)
- Investimento elixible máximo 500.000 €/beneficiario
- Limitacións a ter en conta para un periodo de 4 anos computable **dende a data de solicitude de pagamento ata a data de solicitude de axuda**
- Como máximo un 30% para maquinaria
- Os bens deben ser adquiridos polo beneficiario en propiedade, (**OLLO cos financiamentos, leasing, reserva de dominio**) antes da finalización do prazo de xustificación deben ser propiedade plena do beneficiario

MAQUINARIA

- Todos os investimentos susceptibles de ser incluídos nunha clave de mellora deben solicitarse no módulo correspondente
- Limitacións por UGM 1.500 €/UGM, diferenciando entre o tractor e o resto da maquinaria
- En apicultura serán subvencionables as rozadoras de man, os remolques para traslado de colmeas en caso de transhumancia, e para traslado de ovino cabrún e porco celta. Deberán inscribirse no Rexistro de Transporte animal de Gandeiría e realizarán o curso de benestar animal módulo de conductores.

MAQUINARIA

- No caso das máquinas de aplicación de fitosanitarios precisarán do carnet de aplicador
- Toda maquinaria debe estar inscrita no ROMA a nome do titular da explotación

ADQUISICIÓN DE TERREOS

- Poderán subvencionarse a adquisición de terreos por un importe que non exceda o 10 % dos gastos subvencionables
- Deberá achegarse un certificado dun taxador independente debidamente acreditado ou organismo público (Atriga...)
- Serán elixibles as terras de uso agrario en solo rústico, e as terras de uso forestal se se solicita a roturación no mesmo plan de mellora
- Poderán considerarse elixibles terras en solos urbanos, de núcleo rural...etc, se van acoller parte da obra civil do plan de mellora e se a normativa urbanística o permite

ADQUISICIÓN DE TERREOS

- Non se subvencionará a compra de partes de parcelas, nin parcelas **para cultivos** nas explotacións de gandeiría sen terra
- Deberán estar situadas no concello da explotación ou limítrofe
- A compra debe realizarse en pleno dominio e nunca a familiares de primeiro grado de consanguinidade ou afinidade
- O solicitante deberá achegar un precontrato coa solicitude e despois formalizar a compra en escritura pública

ADQUISICIÓN DE NAVES

- Subvencionarase a compra de naves para ser rehabilitadas, coa condición de que se poñan en uso cumprindo a normativa da orientación produtiva que corresponda.
- Deberá achegarse un certificado dun taxador independente debidamente acreditado ou organismo público e unha reportaxe fotográfica
- A compra debe realizarse en pleno dominio e nunca a familiares de primeiro grado de consanguinidade ou afinidade
- O solicitante deberá achegar un precontrato coa solicitude e despois formalizar a compra en escritura pública liquidada
- Poderá considerarse tanto a compra como a reforma sempre que non supere o módulo de construción nova

CONSTRUCCIÓN E INSTALACIÓN

- Construcción: límite en función das UGM da explotación en establos, almacéns, fosas e silos. Consideraranse as superficies e volumes xa construídos
- Instalación de muxido moduladas en función do número de vacas leiteiras na **situación futura**, sin superar os 100.000 €
- En explotacións sen abastecemento municipal de auga ou que non acrediten a potabilidade será obrigatorio o uso de potabilizadora
- Os robots de muxido: 100.000 € para a primeira unidade (500.000 l) 75.000 € para a segunda (1.000.000 l) e 50.000 € para a terceira (1.500.000 l). **Esta produción comprometida acreditarase no control administrativo da solicitude de pagamento**

FOSAS DE XURRO E ESTERQUEIRAS

- Fosas: financiarase ata un máximo de 26 m³/UGM
- En explotación de vacún con mais de 3 UGM/ha e en porcino é obligatoria a cubrición.

MELLOR CUBRIR

- Permitese a cubrición de fosa como investimento independente. Non é subvencionable a ampliación so en profundidade
- As esterqueiras deberán ser cubertas, o módulo inclúe tres paredes, soleira impermeable e a cuberta, con un máximo de 5 m³ UGM. **Aumenta o valor do módulo (ahora 40 €/m³, antes 36 €/m²)**

REFORMAS

- Non se subvencionará a reforma de construcións que teñan menos de 10 anos ou que fosen subvencionadas nos últimos 10 anos
- As reformas das obras entre 10 e 20 anos consideraranse sobre a totalidade da construción e teñen que supoñer polo menos o 50 % do valor do edificio novo. O investimento subvencionable non superará o 60% do valor do módulo de obra nova
- En construcións entre 20 e 30 anos as reformas non teñen que afectar a totalidade do edificio nin o valor da reforma supoñer o 50 % pero o investimento non superará o 60% do módulo de obra nova
- Con mais de 30 anos permítese a derruba subvencionada e a construción de obra nova

CONSTRUCCIÓN

- Establo completo vacún leite: no caso de robots de muxido rebaixarase a clave 6118, proporcionalmente a superficie da sala de muxido que non se vai realizar.
- Silos: máximo 18m³/UGM con plataforma dianteira e recollida de lixiviados. Non se subvencionán cubertas de silos
- Insistir na importancia da certificación final de obra, recoméndase a elaboración de modificados de proxecto se a obra non se ciñe o aprobado
- Cambios de investimentos deberán comunicarse 6 meses antes de que remate o prazo de execución

CONSTRUCCIONES

- O apartado 11.5 da norma complementaria publicada no DOG recolle as normas a aplicar nas construcións agrarias.
- Para aplicar o módulo máximo de custo/m² a un establo, terán que ter e facturarse **todos** os compoñentes da obra (estructura, cuberta, engrellados, fiestras, cubículos, comederos, instalación eléctrica e fontanería...)
- **As partidas da certificación de final de obra terán que corresponderse coa obra, facturas e co mencionado no apartado anterior**
- So é subvencionable a liña eléctrica que se realice no interior da parcela. **A acometida ata a parcela non é subvencionable**

CONTÍA E TIPO DE AXUDA

- O importe da axuda será do **30%** dos custos elixibles, e poderá incrementarse **ata o 50%** en función dos seguintes criterios:
 - **10 %** no caso de mozos (beneficiarios neste ano ou nos 5 anteriores e que cumplan en idade) no caso de xurídicas deben cumprir o 50% dos socios
 - **5 %** no caso de fusión de explotacións
 - **5 %** no caso de explotacións situadas en zonas con limitacións naturais
 - **5 %** no caso de operacións innovadoras
 - **10 %** en caso de investimentos en agricultura ecolóxica

CERTIFICACIÓN

- O prazo de execución será de 18 meses, desde a resolución da aprobación
- Non se subvencionará a man de obra propia
- 100% dos gastos con xustificante bancario
- As proformas deben ser reais, cos investimentos detallados en unidades e precios por unidade
- As obras executadas deben corresponder co certificado fin de obra, moito coidado coas modificacións con respecto o proxecto orixinal, pode dar lugar a penalizacións ou a perda da axuda
- Deberanse cumprir os compromisos de UTAs, aumento de produción e gando, no momento de certificación

CRITERIOS DE PRIORIDADE

- Simultaneamente a axuda de incorporación nesta convocatoria ou na anterior en explotación de nova creación: 15 puntos
- Simultaneamente a axuda de incorporación nesta convocatoria ou na anterior en explotación existente: 10 puntos
- Incorporación nos últimos 5 anos: 5 puntos
- Incorporarse a instrumentos de mobilidade de terras (polígonos agroforestais, aldeas modelo) **NOVO**: 5 puntos
- Instalarse nunha explotación incluída no Banco de Explotacións: 5 puntos

CRITERIOS DE PRIORIDADE

- **Investimentos nunha explotación procedente de fusión de explotacións realizada nos últimos 5 anos: 5 puntos**
- **Persoa agricultora profesional:**
 - **Persoa física : 5 puntos**
 - **Persoa xurídica en función dos socios:**
 - **Todos AP: 5 puntos**
 - **Polo menos o 60%: 4 puntos**
 - **Polo menos o 50%: 3 puntos**
 - **Polo menos o 25%: 2 puntos**
- **Investimentos para reducir emisións de amoníaco que supoñan mais do 15 % do investimento total: 5 puntos**
 - **Menos do 25%: 1 punto**

CRITERIOS DE PRIORIDADE

- **Investimentos en proxectos innovadores: 5 puntos**
- **Creación de UTAs asalariadas a tempo completo (sen ter destruído emprego no último ano)**
 - **1 UTA : 2 puntos**
 - **2 UTAs : 3 puntos**
 - **3 ou mais UTAs : 5 puntos**
- **Investimentos para redución de CO₂ que supoñan máis do 15 % do investimento total elixible: 4 puntos**
- **Titular dunha explotación social dunha cooperativa ou entidade agroalimentaria prioritaria: 4 puntos**
- **Explotación ecolóxica : 4 puntos**

CRITERIOS DE PRIORIDADE

- Explotación prioritaria: 3 puntos
- Explotación con seguro agrario: 3 puntos
- Zona de montaña: 3 puntos
- Explotación de titularidade compartida: 3 puntos
- Titular muller ou en caso de xurídicas polo menos a metade dos socios mulleres: 3 puntos
- Investimentos en eficiencia enerxética que supoñan mais do 50% do investimento total: 2 puntos
- Investimentos en proxectos de cooperación: 2 puntos
- Explotación con base territorial para alimentación do gando, carga gandeira < 2 UGM/Ha (novo): 2 puntos

CRITERIOS DE PRIORIDADE

- Zona desfavorecida: 2 puntos
- Socio de organización de produtores: 2 puntos
- Investimentos en producción de variedades autóctonas que supoñan mais do 15% do investimento elixible: 2 puntos
- Pertenencia a ADS : 1 punto
- Para ser admisibles as solicitudes deben alcanzar un mínimo de 10 puntos
- Explotación gandeira de razas autóctonas en perigo de extinción(polo menos a metade das reprodutoras) : 2 puntos
- A aplicación dos criterios de prioridade realizarase no momento de finalización de prazo de solicitude

COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS (NOVO)

- Estas axudas son incompatibles con calquera axuda da mesma natureza e coa mesma finalidade, a excepción das axudas correspondentes a garantías para préstamos ou derivados doutros instrumentos financeiros comunitarios, cos límites do anexo II do Regulamento UE 1305/2013
- A suma do importe do préstamo garantido máis o importe da subvención non reeembolsable non poderá superar o importe total do investimento subvencionable

EXEMPLO DE COMPATIBILIDADE

- INVESTIMENTO **200.000 €**
- AXUDA PLAN MELLORA: **35 %**
- LÍMITE MÁXIMO PARA ACTIVOS FÍSICOS ANEXO II
REGULAMENTO UE 1305/2013: **50 %**
- POSIBILIDADE DE **15 %** DE AXUDA EN INTERESES
(30.000 €), PARA UN PRÉSTAMO DESTINADO AO
MISMO INVESTIMENTO
- PRÉSTAMO MÁXIMO: 200.000 € INVESTIMENTO
 - 70.000 € AXUDA NON REEMBOLSABLE = **130.000 €**

CAMBIOS DE INVERTEMENTO

- Unha vez aprobado o expediente calquer cambio debe ser solicitado
- Debe ser solicitado antes dos 6 meses do prazo de execución, 2 meses para contestar, silencio administrativo negativo.
- Levará consigo unha nova acta de non inicio
- 3 proformas
- So valerán facturas posteriores a data de aprobación do cambio
- Cambios que supoñan modificacións de licenza deben achegar novo proxecto e licenza modificada

Permanencia dos investimentos e causas de forza maior

- Os investimentos non deberán sufrir modificacións nos cinco anos seguintes ao pago final no que respecta a:

- Cese ou relocalización da actividade productiva fora de Galicia

- Cambio de propiedade

- Cambio sustancial de natureza, obxectivos ou condicións de execución da operación (almacén a establo, por exemplo)

- Non procederá reintegro en causas de forza maior que se deben comunicar inmediatamente

GRAZAS

